

ORDENANZA FISCAL NÚM. 113

TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS E UTILIZACIÓN DA GALERÍA DE TIRO INSTALADA NO EDIFICIO SEDE DA POLICÍA LOCAL

Artigo 1º. PRECEPTOS XERAIS

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por prestación de servizos e utilización da galería de tiro instalada no edificio sede da policía local na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos e a utilización da galería de tiro instalada no edificio sede da policía local, especificados na tarifa desta taxa.

Artigo 3º. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes, os membros dos Corpos e Forzas de Seguridade, distintos dos pertencentes á plantilla deste Concello, que utilicen a galería de tiro.

Artigo 4º. RESPONSABLES

A responsabilidade, solidaria ou subsidiaria, esixírase, no seu caso, ás persoas ou entidades e nos termos previstos nos artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5º. EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se recoñecerán outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei.

Artigo 6º. BASES IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE, COTAS E TARIFAS

1. A base imponible desta taxa será igual á base liquidable e veñen determinadas polo número de horas de utilización das instalacións.

2. A cota tributaria determinarase por cada persoa que utilice as instalacións multiplicando o número de horas de utilización ou realización da actividade polo prezo da hora completa que se establece en **4,29 euros**.

Artigo 7º. REMUNERACIÓN

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou a realización da actividade.

Artigo 8º. RÉXIME DE DECLARACIÓN, INGRESOS E RECADACIÓN

1. A recadación da taxa efectuarase en réxime de autoliquidación, mediante ingreso da cota resultante, efectuado no momento de presentar a solicitude, nas entidades financeiras colaboradoras designadas polo Concello.

A solicitude irá dirixida á Alcaldía-Presidencia, quedando supeditada a súa autorización á organización de quendas e efectivos da policía local de Lugo.

2. As débedas por taxas, esixíranse, se é o caso, polo procedemento administrativo de constrinximento, polo que será de aplicación o establecido na lei 58/2003, xeral tributaria, e demais normas de desenvolvemento.

3. Os convenios de colaboración que se establezan ó amparo do disposto no artigo 27.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, aplicaranse nos seus propios termos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2012, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2013. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.